

CRÓNICA LEGISLATIVA DE GALICIA

Segundo semestre de 2017

«Galicia. Sen noticias, malas noticias.»

Alba Nogueira*

Resumo

O ano 2017 é un ano ermo de iniciativas. Ningunha medida lexislativa, orzamentos sen cambios, un organigrama administrativo sen novidades despois do periodo electoral de 2016 e unha actividade centrada na xestión ordinaria de convocatorias sen cambios. Os preocupantes datos coñecidos sobre a transmisión interxeracional do galego non son contrarrestados con iniciativas desde o Goberno galego. Como único elemento novidoso pódese falar da Ordenanza de uso da lingua galega da Deputación da Coruña.

Palabras clave: Inactividade normativa; xestión rotineira; orzamento estancado; ruptura da transmisión xeracional; Ordenanza da Deputación da Coruña.

LEGISLATIVE REPORTS ON GALICIA

Abstract

2017 is a year empty of initiatives. No legislation, no changes in the public budget, an administrative structure with no innovation after 2016 Galician elections and public activity focused in ordinary management of calls. The worrying data on intergenerational transmission of Galician have not been counteracted with initiatives from the Galician Government. The only good sign is the Ordinance for the use of Galician of the Deputación da Coruña.

Keywords: Legislative inactivity; ordinary policies; stagnated budget; generational transmission breakdown; Ordinance of the Deputación da Coruña.

*Alba Nogueira López, profesora titular de dereito administrativo, Universidade de Santiago de Compostela, alba.nogueira@usc.es.

Citación recomendada: NOGUEIRA LÓPEZ, Alba. «Crónica legislativa de Galicia. Segundo semestre de 2017». *Revista de Llingua i Dret, Journal of Language and Law*, núm. 69, (xuño 2018), p. 268-271. DOI: [10.2436/rld.i69.2018.3120](https://doi.org/10.2436/rld.i69.2018.3120).

Sumario

- 1 Mantemento do organigrama administrativo, atonía lexislativa e xestión rotineira do día a día
- 2 Sentenzas sobre o persoal que impartía os cursos CELGA que simbolizan a precariedade de medios da protección da lingua
- 3 Ordenanza de uso do galego da Deputación de A Coruña

1 Mantemento do organigrama administrativo, atonía lexislativa e xestión rotineira do día a día

A crónica de Galicia de 2017 é a da xestión rotineira sen iniciativas nin lexislativas, nin de planificación destacables. A celebración de eleccións galegas no outono de 2016 fixo que no inicio de 2017 dera os seus primeiros pasos o novo goberno. Orgánicamente non supuxo cambios ningúns para a lingua. Mantense a Secretaría Xeral de Política Lingüística integrada dentro da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e repite como titular de este órgano o mesmo responsable, polo que a parálise nas iniciativas non pode achacarse á remuda nos órganos competentes como consecuencia dese período post-electoral.

En 2017 non pode sinalarse ningunha lei, decreto ou plan con relevancia para a protección ou impulso da lingua galega. Non foi un ano especialmente prolífico desde o punto de vista normativa para o Parlamento de Galicia, pero das poucas leis aprobadas ningunha ten interese desde a perspectiva lingüística. Polo que respecta ás normas regulamentarias tampouco se pode salienta ningunha cun certo contido material. Tan só cabe citar senllos decretos con estatutos de colexios profesionais, pero non por un elemento positivo senon porque rachan co que viña sendo a práctica desde había anos nos estatutos de colexios profesionais de incluír unha referencia á promoción do uso do galego entre os seus membros e un principio de non-discriminación entre as dúas linguas oficiais.¹

O mesmo sucede na planificación lingüística. Non hai ningunha iniciativa novidosa que poida ser sinalada. O Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020 aprobado pouco antes das eleccións de 2016² non experimentou avances no desenvolvemento das medidas que deseñaba para mellorar a presenza do galego na industria, comercio, cooperativismo, banca e traballo.

Un camiño parecido parece seguir o reiteradamente anunciado, e aínda non presentado, Plan de dinamización da lingua galega entre a mocidade.³ Existe un diagnóstico compartido sobre a necesidade de actuar para mellorar a presenza e uso do galego entre a xente máis nova e a urxencia de tomar medidas. Non obstante, nin no ámbito educativo, nin nos espazos de lecer e comunicación se adoptan medidas para revertir os preocupantes datos sociolingüísticos. A Real Academia Galega vén de presentar os resultados do seu informe *Lingua e sociedade en Galicia. Resumo de resultados 1992-2016*⁴ no que se detectan dúas tendencias aparentemente contraditorias: unha «mellora das competencias bilingües e, pola outra, unha ruptura da transmisión interxeracional e uns usos decrecentes do galego por parte da poboación máis nova, especialmente en contextos urbanos e periurbano». En apenas 20 anos hai unha perda de case 20 puntos na porcentaxe de falantes nos tramos de idade máis novos, unha situación que obriga a reformular as políticas lingüísticas e a accións claras.

Realmente en 2017 a actividade da Xunta de Galicia limitouse a darlle continuidade a programas de subvencións, cursos e premios que teñen unha periodicidade anual sen case cambios nas condicións, programas ou contías. Continuismo dunha acción rotineira de xestión ordinaria, sen espazo para novas iniciativas, nin vocación de apoiar desde o goberno galego medidas que vaian máis alá da propaganda puntual ou unha perspectiva culturalista (premios, xornadas, certames...).

Orzamentariamente tampouco hai cambios. O brusco descenso nos orzamentos autonómicos para a lingua, experimentado desde que en 2009 chegou ao goberno Nuñez Feijóo (PP), mantense estable nunha cifra entorno aos 7 millóns de euros, malia a subida da maioría das partidas nestes dous últimos exercicios.⁵

1 Decreto 47/2017, do 27 de abril, polo que se aproban os estatutos e a modificación da denominación do Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia por Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (DOG de 18 de maio). Decreto 62/2017, do 22 de xuño, polo que se aproban os estatutos e a modificación da denominación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia, por Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia (DOG 12 de xullo).

2 http://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/plans-e-actuacions/_contido_0004/plan-dinamizacion-lingua-galega-tecido-economico-2016-2020

3 <https://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/060093/fejoo-destaca-plan-dinamizacion-lingua-xuventude-para-promover-uso-galego-eido>
<https://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/060093/fejoo-destaca-plan-dinamizacion-lingua-xuventude-para-promover-uso-galego-eido>

4 <https://academia.gal/documents/10157/704901/Lingua+e+sociedade+1992-2016>

5 <http://praza.gal/politica/13208/a-normalizacion-linguistica-e-a-area-de-xestion-da-xunta-que-mais-orzamento-perdeu-con-feijoo/>
<http://culturagalega.gal/noticia.php?id=26952>

2 Sentenzas sobre o persoal que impartía os cursos CELGA que simbolizan a precariedade de medios da protección da lingua

Unha serie de sentenzas da orde laboral e algúns autos do Tribunal Supremo inadmitindo o recurso de casación contra estas sentenzas presentados pola Xunta de Galicia simbolizan a (des)estruturación da política lingüística da Xunta. Os docentes que viñan impartindo desde había moitos anos os cursos de aprendizaxe da lingua galega nos seus distintos niveis reclamaron a súa estabilización xa que traballaban sen contrato, nin alta na Seguridade Social.⁶

Desde que gañaron as primeiras sentenzas en xulgados do Social (posteriormente en 2015 esta litixiosidade viuse confirmada ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia obrigando á readmisión) a Xunta optou inicialmente por reformular estes cursos CELGA e prescindir dos docentes. En 2017, como xa sucedera en 2016, varios Autos do Tribunal Supremo inadmiten os recursos de casación da Xunta de Galicia cos que se pretendía levar ata o final todas as vías para impedir a estabilización deste persoal (ATS 875/2017, ATS 476/2017, ATS 449/2017).

3 Ordenanza de uso do galego da Deputación de A Coruña

Despois da aprobación pola Deputación de Lugo da súa ordenanza lingüística en 2016, toma o relevo a Deputación da Coruña en 2017.⁷ A tardanza en implementar e completar os mandatos da Lei 5/1988 de uso do galego como lingua oficial dos entes locais é significativa da parálise tamén neste ámbito.

A Ordenanza da Deputación da Coruña é aplicable tanto á propia administración provincial como aos «organismos que dela dependen ou poidan depender no futuro –entes asociados, padroados, organismos autónomos, sociedades, fundacións, centros de formación, museos, arquivos, bibliotecas» así como «as empresas adxudicatarias, concesionarias ou contratadas cando actúan en función desa adxudicación, concesión ou contrato, así como as de explotación mixta».

A ordenanza fai unha regulación completa e detallada dos usos lingüísticos da institución baixo o principio de oferta positiva con carácter xeral en galego na comunicación, organización de actividades, atención ao público, etc. A ordenanza regula o uso habitual do galego na contratación pública, nas subvencións, nos documentos públicos, na publicidade e rotulación. Tamén prevé un papel activo da Deputación en relación coa lingua galega na formación dos empregados públicos, o respecto da toponimia e a organización de actividades.

Desde o punto de vista organizativo a Unidade Técnica de Normalización Lingüística (UTNL) é a responsable de impulsar a normalización da lingua, procurar o incremento do uso e prestixio do idioma galego no ámbito provincial e coordinar as accións necesarias para darlle cumprimento a esta ordenanza. As tarefas que desenvolva esta UTNL deben configurarse en catro áreas: dinamización sociolingüística, formación sociolingüística, asesoramento lingüístico, deseño dun programa de colaboración e axudas para a creación de Servizos de Normalización Lingüística nos concellos da provincia e outras. Esta ambiciosa estrutura requerirá sen dúbida un reforzo do cadro de persoal para poder cubrir as funcións encomendadas.

Tamén é preciso mencionar a énfase que pon a ordenanza en relación coa calidade lingüística cun mandato para que nos textos administrativos sexan aplicados «criterios da linguaxe administrativa galega moderna, procurando sempre a súa máxima calidade, democratización, personalización, claridade dos contidos (modernización das formas, concisión e precisión, sinxeleza e ordenación) e uniformidade. Do mesmo modo, usarase unha linguaxe democrática inclusiva».

<http://www.prolingua.gal/voces/orzamentos-de-fomento-da-reducion-da-lingua-galega>

⁶ <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/9356>

<http://praza.gal/politica/8818/o-tsxg-rexeita-o-recurso-da-xunta-e-declara-nulo-o-despedimento-do-profesorado-celga/>

⁷ http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2017/09/29/2017_0000008145.pdf